

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	1908-441	TIPO EXPTE:	CONTRATO MAIOR SERVIZOS
		SOLICITANTE:	FOMENTO

ASUNTO: INFORME XUSTIFICACIÓN CONVENIENCIA E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO

I.-ANTECEDENTES

O edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei, constitúe un dos principais bens demaniais onde se desenvolven a maioría dos servizos que se prestan á cidadanía, polo que é necesario garantir o perfecto estado da edificación e das súas instalacións en aras do seu uso nas mellores condicións e articular os medios necesarios para o seu mantemento.

Este edificio, con una superficie total construída de 26.930 m2 distribuída en once andares sobre a rasante e dous baixo rasante, foi construído no ano 1974.

O edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, ademais da estrutura, revestimentos, falsos teitos, pavimentos, carpintería, ferraxería, tabicaría, pintura, impermeabilización, etc, conta con unha serie de instalacións, como:

1. Instalacións de climatización e aire acondicionado.
2. Instalacións de calefacción e auga quente sanitaria.
3. Instalacións de ventilación e extracción de aire.
4. Instalación de subministro eléctrico de emerxencia: grupos electrógenos e SAIs.
5. Instalacións de iluminación e eléctricas (Baixa e Alta tensión).
6. Instalacións de fontanaría (abastecemento, saneamento, grupos de presión, bombas de achique, alxibe,...)
7. Instalacións de Protección Contra Incendios.
8. Persianas de seguridade, barreiras, portalóns, ventás e portas automáticas.
9. Instalacións de datos e comunicación.

O artigo 6 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) de carácter básico, obriga a axustar a xestión e administración dos mesmos á adecuación e suficiencia dos bens para servir ao uso xeral ou servizo publico ao que estea destinado (artigo 6.b. LPAP), así como ao exercicio dilixente das prerrogativas que a presente lei ou outras leis especiais outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade (artigo 6.e. LPAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/09/2024 14:37	Páxina 1 de 3
1908-441	CSV: A2AE5B-54AC47-2682DF-YP7BQP-DM6BPK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



II.- NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN AOS ARTIGOS 1, 28 E 116 LCSP.

Necesidade.

En cumprimento do artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP), deberán determinarse con precisión a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado.

Na presente contratación a necesidade se fundamenta na obrigatoriedade de contar cos medios necesarios para levar a cabo as diferentes actuacións de mantemento preventivo, correctivo e técnico-legal e, para a reparación de posibles avarías que se produzan o longo do tempo nas citadas instalacións do edificio, funcións para o que se require unha serie de medios materiais e humanos dos que non dispón o Concello de Vigo na actualidade.

Estímase que a necesidade á que se pretende dar satisfacción mediante as devanditas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato é directa, clara e proporcional polos motivos expostos.

Idoneidade

Á vista dos antecedentes expostos considérase o obxecto e contido do contrato idóneo para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse. O desenvolvemento do servizo de mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo resulta imprescindible para o seu correcto funcionamento, e resulta da consecuente obriga de mantelo en perfecto estado de funcionamento, polo que faise necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo, non conta con recursos propios e adecuados para a execución deste servizo, dado que o mesmo demanda unha esixencia de medios materiais e humanos, que non pode ser executado directamente pola propia estrutura municipal.

III. FINALIDADE INSTITUCIONAL. COMPETENCIAS MUNICIPAIS

A finalidade a satisfacer pola administración municipal con este contrato é o mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, vinculado ó exercicio das competencias municipais propias previstas no artigo 25.2.d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e no artigo 80.2.d), da Lei 5/97 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/09/2024 14:37

Páxina 2 de 3

1908-441

CSV: A2AE5B-54AC47-2682DF-YP7BQP-DM6BPK-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



O contrato ten o seu fundamento na obriga das Administracións Públicas, que prevé a LPAP e o RBEL, de vixilancia, protección xurídica, defensa, inventario, administración, conservación e demais actuacións que requira o correcto uso dos bens e dereitos da súa titularidade.

IV.- CONCLUSIÓN

En base ao anterior, xustifícase a conveniencia e idoneidade da contratación do **SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO** polo que se propón que se inicie o expediente para a contratación do mesmo.

Vigo, na data da sinatura dixital

A Técnica de Xestión.- Ruth Gallego Santos

A Enxeñeira Técnica Industrial.- Susana González Ramírez

O Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas.- Jerónimo Centrón Castaños.

DECRETO

Á vista do informe xustificativo da necesidade da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023),

RESOLVO: "Iniciar expediente para a contratación do **SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO**

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos (Resolución da Alcaldía de datas 19 e 28 de xuño de 2023, BOP nº 123 de data 27.06.2023)- F. Javier Pardo Espiñeira.

DOU FE,

A Secretaria de Goberno Local.

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/09/2024 14:37

Páxina 3 de 3

1908-441

CSV: A2AE5B-54AC47-2682DF-YP7BQP-DM6BPK-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>